



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Nos de eiquí e vos de alá
somos mellores que vos
nos comimo-lo carneiro
os cornos son para vos.

1029

E vendem'os bois e vendem'as vacas
e non me vénda-la cunca das papas
vendem'a cunc'a mái-lo cunqueiro
e non me vénda-lo meu tabaqueiro.

589a

O gaitero de Saiá
foi tocar a Redondela
deixou a gaita no Grove
i agora chora por ela.

E vendem'os bois...

O cantar do arrieiro
é un cantar moi baixiño
cantábano en Ribadavia
oíase no Carballiño.

E vendem'os bois...

2251

Un coxo a mais un mango
a mais outr'acorcovado
foron buscar un eivado
á casa dun derreado.

E vendem'os bois...

Pensabas que por me rir
que xa me tiñas na man.
Inda has de dar tantas voltas
coma o muíño de Aldán.

E vendem'os bois...



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

O amor da costureira
era papel e mollouse,
ahora, costureiriña
o teu amor acabouse.

E vendem'os bois...

Túa nai a maila miña
van xuntas na romería;
a túa viña borracha
a miña xa non se tiña.

E vendem'os bois...

Ao remate, a informante interpreta dúas cancións en castelán sendo unha delas *Buenos aires mi tierra querida* de Carlos Gardel (autoría de Andrew Lloyd Webber, Manuel Jovés e Tim Rice). Mantéñense no arquivo de son, tal como foi editado por Dorothe Schubarth, pero non se transcriben.